



Concello de Xove

EXPEDIENTE: 846/2021

PROCEDEMENTO. CONCURSO - OPOSICIÓN CONVOCADO PARA A PROVISIÓN

DE UNHA (1) PRAZA PERSOAL FONTANERIA (PERSONAL LABORAL INTERINO)

DOCUMENTO: INFORME DE SECRETARÍA.

DOCUMENTO: APROBACION LISTA DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS E CONVOCATORIA PROBAS .

DOCUMENTO ASINADO POR: ALCALDE e SECRETARIO.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove:

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso - oposición convocado mediante Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 235 de data 13 de outubro de 2021 para a provisión de unha (1) praza de Fontanero/ra (Persoal Laboral interino).

Revisada a documentación aportada en cada unha das solicitudes de participación presentada.

En cumprimento do disposto nas Bases 9 e 10 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 4 de outubro de 2021.

No uso das comptencias que me outorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Lista Provisional de Admitidos e





Concello de Xove

Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

ADMITIDOS/AS

1.- Alejandro Quelle Gómez.

EXCLUIDOS/AS

NINGÚN/NINGUNHA

Como quera que non hai ningún/ningunha participante excluída a presente lista provisional enténdese automaticamente elevada a definitiva.

Tal e como sinala a citada Base 10 no seu último parágrafo, o feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereito no procedemento selectivo.

SEGUNDO.- Ordear a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncio do Concello e na súa páxina web ós efectos do disposto na citada Base 10 (Recursos contra a Lista Definitiva).

TENDO EN CONTA o disposto na Base 11 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 4 de outubro de 2021.

No uso das competencias que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de





Concello de Xove

réxime local, **RESOLVO,**

SEGUNDO. Proceder a designación dos membros do Tribunal de Selección:

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez (Encargado do Negociado de Recursos Humanos).

Vocais:

D. Eugenio Fernández Fra (Encargado do Servizo Municipal de Augas)

D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal)

Dna. Elena Santos Rey (Interventora Municipal)

Secretario:

D. Pablo Sánchez Lage (Administrativo)

TERCEIRO.- A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás 8´30 horas do día 25 de xuño de outubro, luns , na Aula de Formación (Centro Civico do Concello de Xove) debendo os participantes comparecer no lugar designado 30 minutos antes, ás 8´00 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ningunha outra clase de material durante a celebración das probas.

Tamén será obrigatorio, por razóns do COVID 19, ir provisto de mascarilla de protección.





Concello de Xove

Cinco minutos antes do inicio das probas se efectuará un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.

CUARTO.- Notifíquese a presente Resolución que sirve de citación ao Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a citada Base 12 mediante a súa publicación no taboleiro municipal de anuncios e na páxina web do Concello de Xove.

QUINTO.- Contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mandoo e asinoo.

DOCUMENTO ASINADO DIGITALMENTE AO MARXE

